

**PROGRAMACIÓN**  
**DIDÁCTICA DE LINGUA**  
**ESTRANXEIRA: INGLÉS**  
**2º de Educación Primaria**

CURSO 2022 - 2023

Mestra: Paula Fernández Bouzón

TÁBOA DE CONTIDO:

- 1. Xustificación**
- 2. Contexto**
- 3. Obxectivos**
- 4. Competencias clave**
- 5. Contidos**
- 6. Avaliación**
  - Instrumentos de avaliación**
  - Criterios de avaliación**
- 7. Estándares de aprendizaxe**
- 8. Metodoloxía**
  - Materiais**
  - Recursos**
  - Actividades**
- 9. Atención á diversidade**

## **1. Xustificación**

“A educación é a arma máis poderosa que pode mover o mundo” frase célebre de Nelson Mandela. De acordo con esta cita, a educación é unha arma moi importante e necesaria para todos os nenos/as, porque grazas a ela pódese transformar a realidade, crear cousas novas, investigar ou comunicarse en distintos idiomas con xente de todo o mundo. Ademais, segundo o decreto 105/2014 do 4 de setembro, establece que a educación debe ser de calidade para todo o alumnado, sempre tendo en conta as características individuais e as necesidades de cada alumno/a.

Arredor de 500 mil millóns de persoas falan inglés en todo o mundo, sendo a lingua vehicular na ciencia, na televisión, nos deportes, na economía ou na publicidade. Hoxe en día estamos rodeados da lingua inglesa por todas partes, por iso é imprescindible que o alumnado adquira as catro destrezas comunicativas nesta lingua (ler, escribir, escoitar e falar). Este proceso de ensinanza e aprendizaxe basearase en actividades lúdicas e interactivas, como xogos, cancións, historias ou representacións teatrais, realizadas de forma cooperativa, en grupos ou en parellas, aínda que algunhas tamén serán de forma individual. A finalidade de todas estas actividades será a adquisición das catro destrezas comunicativas.

Espérase que o alumnado adquira unha boa competencia lingüística nesta lingua, que saiba traballar en grupo, colaborando e axudando aos seus compañeiros/as, que adquira ferramentas para a resolución de problemas, desenrolar a competencia de aprender a aprender. O principal obxectivo desta materia é que ao finalizar a Educación Primaria adquiran unha competencia básica nesta lingua estranxeira, que sexan capaces de entablar unha conversa cunha persoa nativa, que saiban escribir pequenos documentos e composicións en inglés.

A metodoloxía será constructivista e significativa, sempre partindo dos coñecementos previos do alumnado, para ir construíndo así novos aprendizaxes. Con respecto aos agrupamentos, a clase estará organizada en forma de U, deste xeito será doado facer grupos, parellas ou equipos para traballar na aula. Estes agrupamentos nos facilitan á hora de realizar diversas actividades, todas elas

lúdicas e divertidas para que sea máis doado a adquisición da nova lingua. Tamén utilizaremos diferentes recursos como a pizarra dixital, os ordenadores, contos, cancións, xogos, etc. que axuden ao alumnado a motivarse neste proceso de ensinanza e aprendizaxe.

Ao mesmo tempo, nesta materia tamén se traballarán temas transversais como o coidado da natureza ou os animais, a cultura dos países de fala inglesa ou diferentes festividades como Halloween, Nadal ou o día da paz.

Finalmente, cabe sinalar que nos centraremos nas dificultades que teña o alumnado nesta materia, xa que cada alumno/a ten as súas necesidades específicas: cognitivas, organizativas, etc. Polo tanto, primeiro analizaranse as dificultades, comunicaranse ao departamento de orientación do centro si lles compete a eles e buscaranse solucións para axudar a este alumnado con algún tipo de problema.

## **2. Contexto**

O CEIP Xuño está situado na parroquia de Xuño, no concello de Porto do Son, collendo o desvío á praia de As Furnas dende a estrada comarcal C-550, de Noia a Ribeira. A súa área de influencia abrangue as parroquias de Xuño, San Pedro de Muro e Caamaño.

O CEIP de Xuño depende da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e ten adscritos as Escolas de Educación Infantil de Caamaño e Carballosa e o CEIP de Seráns, que escolariza alumnado de EI, 1º e 2º de Educación Primaria, polo que o colexio de Xuño recibe alumnado de Caamaño e Carballosa no 1º curso de Educación Primaria e de Seráns no 3º curso.

Pola súa parte, o CEIP de Xuño está adscrito ao IES de Porto do Son, centro no que se incorpora o alumnado para cursar a ESO ao rematar a Educación Primaria.

Os domicilios do alumnado con respecto da escola están bastante alonxados, polo que é necesario o uso do transporte escolar para a maioría deles.

O medio rural e físico no que está situado o noso centro favorece o desenvolvemento de actividades de observación, experimentación e traballo práctico co alumnado e permite o aproveitamento didáctico de praias, cantís, lagoas, bosques, montes, ríos, restos históricos e prehistóricos, etc.

A poboación da zona é eminente rural e orixinaria da mesma, existindo poucas familias procedentes doutros lugares. A adaptación escolar do alumnado non é conflitiva e a integración no centro é boa.

A situación socioeconómica das familias, tomando como referencia o nivel de estudos e o grao de cualificación profesional, podémola encadrar nun nivel medio baixo. Unha alta porcentaxe dos pais e nais do alumnado deste centro posúen unha titulación acorde co graduado escolar ou semellante, sendo limitada a representación de nais e pais cunha titulación media ou superior.

Na zona existe unha alta taxa de emprego feminino debido á ampla oferta laboral en fábricas conserveiras e de envasado de peixe no limítrofes concellos de Ribeira e Pobra do Caramiñal, existindo tamén un certo nivel de emprego en centros comerciais e supermercados da zona. O emprego laboral masculino redúcese ao ámbito da construción, pequeno autónomo e pesca, tanto de baixura, altura ou marisqueo.

As unidades familiares están integradas, maioritariamente polos pais, nais, fillos e fillas, existindo tamén a convivencia con outros familiares como avoas, avós, tías e tíos... A existencia de familias con problemática familiar grave non é moi representativa.

Nos últimos cursos obsérvase un descenso da poboación, principalmente de xente nova, que se instala nas poboacións próximas que ofertan máis posibilidades de emprego, onde o acceso á vivenda é máis doado, e onde ás ofertas lúdicas e culturais e posibilidades de conciliación laboral e familiar son maiores. Esta situación implica un progresivo descenso da matrícula no centro.

A oferta cultural e recreativa é bastante deficiente a pesar de que nas tres parroquias desta demarcación académica existen Casa de Cultura, pero con escasa dotación de contidos nin ofertas culturais. Neste momento, é a ANPA do centro a que organiza algunha actividade, e o Concello o que, a través da sección de

Servizos Sociais e de Cultura e Deportes, organiza campamentos estivais e actividades lúdicas e de lecer nas vacacións de nadal.

A lingua empregada habitualmente polas familias é o galego, habendo unha alta porcentaxe que utiliza exclusivamente esta lingua en todos os ámbitos de relación.

O centro é de Educación Infantil e Primaria, tendo unha soa liña por curso, conta con 7 unidades: unha de infantil e seis de primaria. En total hai 88 alumnos/as no centro: seis alumnos/as de cuarto de infantil, cinco alumnos/as de quinto de infantil, dous alumnos/as de sexto de infantil, once alumnos/as en 1º de Ed. Primaria, nove alumnos/as de 2º de Ed. Primaria, dezasete alumnos/as de 3º de Ed. Primaria, doce alumnos/as de 4º de Ed. Primaria, doce alumnos/as de 5º de Ed. Primaria e catorce alumnos/as de 6º de Ed. Primaria.

Esta escola conta con sete aulas para os/as titores/as, unha aula de inglés, unha aula de música, unha aula de informática, a biblioteca, o ximnasio, a aula de audición e linguaxe, a aula de pedagogía terapéutica, o despacho de dirección, o despacho da orientadora, a sala de mestres/as, unha aula pequena de xogos para os nenos/as de infantil, outras aulas con usos múltiples, baños para mestres e alumnos/as, un patio con pistas para xogar e un parque para os alumnos/as de infantil e un pavillón deportivo que pertence ao concello.

O centro ten xornada única e o horario é de 9:45 a 14:45. Os martes pola tarde temos o horario de nais ou pais para titorías, de 17:30 a 18:30. Polas tardes ofértase servizo de biblioteca de 16:30 a 18:30.

En primeiro curso de educación primaria hai once alumnos/as escolarizados, cada un con diferentes ritmos de aprendizaxe.

### **3. Obxectivos**

De acordo cos obxectivos da educación primaria, esta contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- ◆ Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

- ◆ Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- ◆ Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- ◆ Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- ◆ Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- ◆ Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- ◆ Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- ◆ Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- ◆ Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

#### **4. Competencias clave**

As competencias clave están incluídas no currículo (Real Decreto 126/2014). Estas son as capacidades para activar e aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza ou de cada etapa educativa, para lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos

ou o desenvolvemento persoal para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego. As competencias clave son as seguintes:

- 1. Comunicación lingüística (CCL):** o alumnado utiliza a lingua inglesa como instrumento de comunicación na aula, tanto na expresión oral como na expresión escrita. Poténciase deste xeito as catro destrezas comunicativas: speaking, listening, reading e writing. Tamén se debe ter en conta os aspectos socioculturais que se aprenden a través desta competencia, os valores e as actitudes como o respecto ás normas de convivencia, o exercicio da cidadanía, o desenvolvemento dun espírito crítico, o respecto aos dereitos humanos e ao pluralismo, a resolución de conflitos e o desenvolvemento das capacidades afectivas en tódolos ámbitos.
- 2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT):** implica aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Por exemplo, na materia de inglés aprenderemos os números, xogaremos con eles facendo algunhas operacións matemáticas, faremos actividades de ordenar, interpretar informacións, para coñecer máis aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria.
- 3. Competencia dixital (CD):** implica o uso crítico, creativo e seguro das novas tecnoloxías. Hoxe en día é preciso actualizarse e renovarse con respecto ás novas tecnoloxías, e así adquirir novos coñecementos, habilidades e actitudes para ser competente no ámbito dixital. En clase utilizaremos todos os días a pizarra dixital, onde o alumnado poderá seguir o Class Book e terá a oportunidade de realizar diversas actividades nela. Tamén precisaremos ir á aula de informática a menudo para realizar proxectos de investigación en grupo ou repaso da unidade mediante xogos ou actividades online.



- 4. Aprender a aprender (CAA):** esta competencia supón iniciarse no aprendizaxe e ser capaz de ir aprendendo de forma autónoma, este aspecto é fundamental para a vida. As actitudes e valores clave na adquisición desta competencia son a motivación para aprender e a confianza para alcanzar as metas da aprendizaxe. Esta competencia desenrolarémola a través de proxectos de investigación, xa sexa nas súas casas, en libros da biblioteca ou na sala de informática utilizando os ordenadores. Deste xeito conseguiremos un aprendizaxe autónomo nos alumn@s.
- 5. Competencias sociais e cívicas (CSC):** implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade para comprender a realidade social do mundo en que se vive e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade cada vez máis plural. Esta competencia require a adquisición de coñecementos que permitan entender e analizar os códigos de conduta e o comportamento adecuado para vivir en sociedade. Na materia de inglés presentaremos unhas normas de convivencia ao comezo do curso, as cales deberán ser cumpridas polo alumnado e ademais analizaremos a sociedade inglesa no ámbito social.
- 6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** esta competencia refírese a transformar ideas en actos, o que implica adquirir conciencia dunha situación, optar con criterio propio e levar adiante as iniciativas necesarias para desenvolver a opción elexida e facerse responsable dela, tanto no ámbito persoal como no social ou laboral. A adquisición desta competencia é determinante para a formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento. Esta competencia levarase a cabo mediante proxectos onde se tratará de que @s alumn@s mostren a súacreatividade e autonomía propia.
- 7. Conciencia e expresións culturais (CCEC):** implica coñecer, apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de desfrute e enriquecemento persoal. A

aprendizaxe dunha lingua estranxeira como é o inglés, colabora no desenvolvemento desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen un compoñente cultural. Polo tanto, esta competencia facilita tanto expresarse e comunicarse, como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo do arte e da cultura. Nesta materia indagaremos sobre moitos aspectos culturais como son as festividades de Halloween, Christmas, Saint Patrick's Day ou Bonfire Night. Ademais tamén faremos algún traballo relacionado coa arte, onde o alumnado deberá ser creativo e imaxinativo á hora de crear a súa obra.

## 5. Contidos

Con respecto ao currículo, cada curso de educación primaria está estruturado en cinco bloques que se presentan separados, pero deben ser entendidos como inseparables tanto na práctica lingüística como en cada acto comunicativo. Os bloques son os seguintes:

- **O bloque 1 Comprensión de textos orais**, aquí abórdanse estratexias comunicativas necesarias para comprender en contextos reais ou simulados e iniciar o camiño cara a adquisición e posterior desenvolvemento das estratexias de comprensión oral da lingua estranxeira.
- **O bloque 2 Produción de textos orais**, trata o desenvolvemento de habilidades de produción oral e a súa finalidade é dotar aos alumnos/as de estratexias e destrezas comunicativas necesarias para interactuar en contextos reais ou simulados.
- **O bloque 3 Comprensión de textos escritos**, céntrase en aspectos da comprensión escrita, así como a adquisición das destrezas lectoras necesarias, a descodificación do texto e lectura funcional, desenvólvese progresivamente nos distintos cursos para que o alumnado poida adquirir

os coñecementos e habilidades que lle permitan un dominio progresivo da comprensión da lingua escrita.

- **O bloque 4 Producción de textos escritos**, é dicir, expresión e interacción expón o desenvolvemento e uso progresivo e autónomo da escritura, partindo do afianzamento da expresión oral.
- **O bloque 5 Coñecemento da lingua e consciencia intercultural**: enumera as funcións, nocións e elementos e estruturas lingüísticas que van posibilitar o uso reflexivo da lingua para comprender e interactuar en diferentes situacións de comunicación.

En segundo curso de educación primaria, os contidos están clasificados nos cinco bloques mencionados anteriormente:

### **Bloque 1: Comprensión de textos orais**

- B1.1 Estratexias de comprensión:

- ❖ Iniciación, a través do xogo e da expresión corporal e musical, á formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar en función dos interlocutores que participan na interacción e do contexto, en situacións de comunicación moi sinxelas conectadas cos intereses do alumnado.
- ❖ Captación da idea global e identificación dalgúns elementos específicos en textos orais, con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.
- ❖ Identificación do tema de textos sinxelos, adaptados á idade e próximos á súa experiencia (contos, rimas, cancións...).
- ❖ Asociación de palabras e expresións sinxelas con elementos xestuais e visuais ou co apoio de ilustracións en soporte papel e dixital.
- ❖ Seguimento verbal e non verbal de instrucións moi sinxelas.
- ❖ Repetición, memorización e observación de modelos, para a adquisición de léxico e expresións moi básicas da lingua estranxeira.

- B1.2 Patróns sonoros, rítmicos e de entoación sinxelos: iniciación a algúns aspectos fonéticos, do ritmo, e ton da lingua estranxeira e uso para a comprensión oral.

## **Bloque 2: Producción de textos orais**

- B2.1 Estratexias de produción:
  - ❖ Planificación:
    - Concibir a mensaxe con claridade e practicalo varias veces.
  - ❖ Execución:
    - Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.
    - Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos non verbais.
    - Usar linguaxe non verbal que corresponda á situación comunicativa (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal).
    - Sinalar obxectos ou realizar accións que aclaren o significado.
    - Participar en representacións, memorizar e recitar poemas, cantar cancións, contar contos etc. empregando respostas verbais e non verbais (movemento, accións, debuxos, modelado ou mímica)
    - Reproducir textos orais coñecidos, repetir e reproducir de acordo con modelos orais.
    - Imitar situacións de comunicación breves a través de dramatizacións, de xogos, de rutinas etc.
    - Participar con actitude de colaboración en xogos, dramatizacións... que precisen de sinxelas intervencións orais.
    - Empregar a lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación, seguindo modelos.
    - Participar oralmente en situacións reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais facilitadas por rutinas de comunicación.

- Producir textos orais moi sinxelos e coñecidos previamente mediante a participación activa en rutinas, representacións, cancións, recitados, dramatizacións etc.
- B2.2 Patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos: iniciación á algúns aspectos básicos da fonética, do ritmo, acentuación e ton da lingua estranxeira e uso para a comprensión oral.

### **Bloque 3: Comprensión de textos escritos**

- B3.1 Estratexias de comprensión:
  - ❖ Activación progresiva dos coñecementos previos en relación á tipoloxía e tema de textos próximos a súa idade.
  - ❖ Identificación, moi guiada, da idea global de textos sinxelos e do seu interese (contos, cancións, rimas...) co apoio das ilustracións correspondentes.
  - ❖ Identificación de palabras clave do texto, relacionadas cos e coas personaxes e o contexto co apoio de ilustracións.
- B3.2 Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:
  - ❖ Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira.
  - ❖ Achegamento a algúns aspectos culturais semellantes á realidade do alumnado a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- B3.3 Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais:
  - ❖ Identificación y uso de léxico e de estruturas elementais propias da lingua estranxeira, previamente empregadas.
  - ❖ Asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas.

### **Bloque 4: Producción de textos escritos**

- B4.1 Estratexias de produción:
  - ❖ Planificación:

- Seleccionar o tipo de texto que se vai producir: conto, notas, diálogo teatral... próximos a súa idade.
- ❖ Execución:
  - Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.
  - Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual do alumnado e material dixital adaptado á súa idade.
  - Seleccionar e empregar progresivamente o léxico adecuado ao tema.
  - Iniciar o uso de algún recurso cohesivo para non repetir palabras.
  - Apoiarse nas palabras e frases coñecidas previamente en interaccións orais sinxelas e de lectura.
  - Iniciar o emprego de materiais dixitais próximos a súa idade para reproducir mensaxes escritos sinxelos.
- B4.2 Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais:
  - ❖ Uso dos signos de puntuación máis básicos.
  - ❖ Asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas.

## **Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia intercultural**

- B5.1 Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:
  - ❖ Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira.
  - ❖ Recoñecemento e uso das fórmulas básicas da relación social e cortesía.
  - ❖ Aproximación a algúns aspectos culturais semellantes á realidade do alumnado a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.
  - ❖ Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- B5.2 Funcións comunicativas:

- ❖ Establecemento relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais.
  - ❖ Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo/a e dos e das demais (nome, apelido, idade, gustos).
  - ❖ Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os animais máis próximos a súa contorna, bebida... Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana, os meses e os tempo atmosférico etc.
  - ❖ Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre a localización de obxectos etc.
  - ❖ Identificación e seguimento de instrucións.
  - ❖ Expresión da posesión dun mesmo/a e dunha terceira persoa.
  - ❖ Expresión do que lle gusta e non lle gusta.
  - ❖ Identificación dos materiais que compoñen os obxectos.
  - ❖ Identificación das partes do corpo e da cara.
  - ❖ Identificación dos membros da familia próximos.
  - ❖ Identificación dos elementos máis próximos á súa contorna.
  - ❖ Expresión de habilidade e capacidade para realizar unha acción ennegativa e afirmativa.
  - ❖ Realización de preguntas e respostas sobre o estado de ánimo.
  - ❖ Formulación de preguntas e respostas en relación á cantidade.
- B5.3 Estructuras sintáctico-discursivas:
- ❖ Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como nome, idade, cor favorita e estado (What's your name?, My name is, How old are you?, I'm, What's your favourite colour?, My favourite colour is/It's, I'm (hungry)).
  - ❖ Preguntas e respostas sobre os días da semana, meses e o tempo atmosférico (What day is it today?, It's, What's the weather like today?, It's, What month are you in?, I'm in).
  - ❖ Preguntas e respostas sobre obxectos do seu interese (Where's is it?, It's in/on/under/nexto to).

- ❖ Identificación e seguimento de instrucións (Touch your (legs) ...).
- ❖ Expresión de posesión en primeira e terceira persoa (I've got, He/She's got) e formulación da pregunta correspondente e resposta afirmativa e negativa (Have you got?, Yes, I have/No, I haven't, Has he/she got?, Yes, he/she has, No he/sh hasn't).
- ❖ Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa e negativa (I like(salad), I don't like (chips)).
  - Expresión de cantidade: contar desde 21 a 50.
  - Expresión das cores, das partes do corpo e cara, de elementos próximos (What's this?, It's...), membros da familia (Whos's this?, This is my (brother), alimentos (What's this?, This is).
- ❖ Identificación das pezas de roupa (I'm wearing).
  - Expresión de habilidade en afirmativa e negativa (I can, I can't).
  - Preguntas e respostas sobre permiso e axuda (Can I...?).
  - Preguntas e respostas sobre o estado de ánimo (Are you (hungry?, Yes, I am/No I'm not).
  - Expresión da cantidade de obxectos ou persoas (How many... are there?).
- B5.4 Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a cores, números ata o 50, materiais escolares, formas xeométricas básicas, membros da familia, comidas e bebidas máis cotiás, xoguetes, estado e sentimentos, tempo atmosférico, días da semana, meses, accións, materiais, animais domésticos (de compañía e de granxa), partes do corpo e da cara, e partes da casa.

## 6. Avaliación

De acordo coa avaliación, seguimos os criterios establecidos no decreto 105/2014 do 4 de setembro, onde se especifica o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. A avaliación será **global**, deste xeito este proceso de avaliación dinos **que, como e cando** avaliar.



Nesta programación teremos en conta diferentes tipos de avaliación, en primeiro lugar a **avaliación inicial** que se fará ao comezo do curso, facendo unha revisión dos conceptos adquiridos polo alumnado no curso anterior. Para realizar esta avaliación inicial no segundo curso de educación primaria, utilizaremos cancións, xogos e algunha ficha para unir ou colorear.

Logo, a **avaliación formativa** ou **continua** que ten lugar en cada unidade didáctica. Recollerase a información necesaria do alumnado nun diario de clase ao longo de cada unidade, esta información será obtida mediante a observación directa en aula e terase en conta quen necesita reforzo educativo nesta materia. Polo tanto, na materia de lingua estranxeira inglés terase en conta ao longo do curso o desenvolvemento progresivo dos contidos, os obxectivos, as competencias clave e alcanzados estándares de aprendizaxe propostos.

Finalmente, a **avaliación sumativa** realízase ao final de cada unidade didáctica. Nesta avaliación téñense en conta que os obxectivos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe da respectiva unidade se adquiriran na súa maioría. Tamén se fará unha **autoavaliación** ao finalizar cada unidade para que o alumnado valore e sexa consciente da súa propia aprendizaxe.

### **Instrumentos de avaliación**

En segundo curso de educación primaria teremos en conta os seguintes instrumentos de avaliación:

- O **traballo diario** na clase e o **esforzo** mediante a observación directa do alumnado. Isto conta un 20 % da nota final de cada trimestre.
- O **comportamento** dos alumnos/as que contará outro 20% da nota final de cada trimestre.
- A **participación** na clase, levantando a man e intervindo cando se pregunta. Isto conta un 20% da nota final de cada trimestre.
- O **traballo da clase** (o Activity book e outras actividades realizadas na aula como por exemplo facer proxectos ao finalizar cada unidade) contará un 40% da nota final de cada trimestre, dentro desta porcentaxe teranse en conta as catro destrezas: speaking un 30%, listening un 30%, reading un 30% e writing un 10%. O *Activity Book*

contará un 20% e os proxectos que fagamos ao longo do trimestre puntuarán outro 20%.

- Ao final de cada unidade didáctica farase tamén unha **autoavaliación**.

A avaliación sumativa farase mediante diferentes **rúbricas** para avaliar ao alumnado de segundo de educación primaria.

As notas finais de cada trimestre serán do 1 ao 10, sendo dun cinco para arriba un aprobado, que quere dicir que o alumno/a adquiriu os obxectivos mínimos esixidos e dun cinco para abaixo significa que o alumno/a non adquiriu os obxectivos mínimos.

### **Criterios de avaliación**

Para os criterios de avaliación, debemos ter en conta a Orde do 9 de xuño de 2016 (DOG 10/06/2016), pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os criterios de avaliación utilízanse para cualificar o progreso do noso alumnado durante o curso e divídense en cinco bloques de contido. Estes son os criterios de avaliación de 2º de educación primaria que se terán en conta á hora de avaliar:

#### **Bloque 1: Comprensión de textos orais**

- B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e sinxelos, rimas infantís, cancións adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoiovisual moi redundante que axude á comprensión.
- B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos...), instrucións elementais e peticións relativas ao comportamento na aula.
- B1.3. Facer hipóteses sobre o posible sentido dun texto apoiándose en elementos paraverbais evidentes e en situacións de comunicación familiares.
- B1.4. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos.

## **Bloque 2: Producción de textos orais**

- B2.1. Falar de si mesmo/a e das persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or).
- B2.2. Participar activamente en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas.
- B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.

## **Bloque 3: Comprensión de textos escritos**

- B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos simples e breves relacionados con temas familiares e de interese para o alumnado, que contan con apoio visual.
- B3.2. Utilizar e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a e as ideas principais do texto.
- B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas relacionados coas convencións ortográficas básicas que expresan pausas, exclamacións e interrogacións.
- B3.4. Ler en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados oralmente, amosando una entoación e pronuncia adecuadas.

## **Bloque 4: Producción de textos escritos**

- B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.

- B4.2. Utilizar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.
- B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras curtas que utiliza normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.

### **Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia intercultural**

- B5.1. Identificar aspectos socioculturais básicos concretos e significativos e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.
- B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo.
- B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.
- B5.4. Obter e dar información básica persoal, á súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.
- B5.5. Expresar nocións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma e cor.
- B5.6. Comprender e expresar a posesión.
- B5.7. Expresar e identificar os seus gustos.
- B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.
- B5.9. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.
- B5.10. Utilizar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e, ou”, adecuándoas aos propósitos comunicativos.
- B5.11. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro un repertorio memorizado.
- B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.

- B5.13. Recoñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.
- B5.14. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación.
- B5.15. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.

## **7. Estándares de aprendizaxe**

Os estándares de aprendizaxe organízanse en cinco grandes bloques: Bloque 1: comprensión de textos orais; Bloque 2: produción de textos orais: expresión e interacción; Bloque 3: comprensión de textos escritos; Bloque 4: Produción de textos escritos; e Bloque 5: coñecemento da lingua e conciencia intercultural.

### **Bloque 1: Comprensión de textos orais**

- PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.
- PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual.
- PLEB1.3. Comprende preguntas básicas (nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais.
- PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (Open/close the book, sit down...).

### **Bloque 2: Produción de textos orais**

- PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a un mesmo e dos e das demais (dicir o seu nome e idade, a cor do pelo e os ollos, presentar á súa familia, indicar as súas preferencias) cunha pronuncia e entoación comprensibles.
- PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obterinformación en conversas básicas (nome, idade, gustos).

- PLEB2.3. Amona unha actitude de escoita atenta.
- PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves(p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.
- PLEB2.5. Amona unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira.

### **Bloque 3: Comprensión de textos escritos**

- PLEB3.1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
- PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.
- PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran.
- PLEB3.4. Le en voz alta textos sinxelos e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles.

### **Bloque 4: Producción de textos escritos**

- PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.
- PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela.
- PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.
- PLEB4.4. Completa unha táboa con datos persoais básicos (nome, apelido, idade...).
- PLEB4.5. Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso.

### **Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia intercultural**

- PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas ...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.

- PLEB5.2. Recoñece e aplica fórmulas básicas de relación social.
- PLEB5.3. Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e dos e das demais.
- PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me...).
- PLEB5.5. Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples moi próximas á súa idade con imaxes ilustrativas que clarifican o seu significado.
- PLEB5.6. Adquire as rutinas de saúdos e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas.
- PLEB5.7. Expressa e identifica a posesión referida a si mesmo/a e a unha terceira persoa.
- PLEB5.8. Expressa e identifica o que lle gusta e o que non lle gusta.
- PLEB5.9. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos máis básicos.
- PLEB5.10. Diferenza preguntas e respostas moi simples.
- PLEB5.11. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula e expresar e preguntar cantidades.
- PLEB5.12. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados, dramatizacións etc.
- PLEB5.13. Expressa estados de ánimo elementais (happy/sad, bored...).
- PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral.
- PLEB5.15. Amona interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula.
- PLEB5.16. Compara aspectos moi básicos e elementais (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.

## 8. Metodoloxía

En canto á metodoloxía, partírase sempre dos coñecementos previos que ten o alumnado, e así ir construíndo pouco a pouco coñecementos novos. Será un **aprendizaxe significativo** e **construtivista**, partindo da realidade que coñecen para desenvolver un mundo descoñecido por eles e ir adquirindo novos conceptos.

Tamén hai que destacar que será unha **aprendizaxe globalizada**, posto que xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos/as, relacionando esta materia con outras áreas curriculares como Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas ou Educación Física. En primeiro lugar, comezaremos polo coñecemento do mesmo neno ou nena e a continuación coa exploración do mundo que os rodea, como a súa casa, o colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral.

Potenciarase unha **aprendizaxe competencial**, o cal persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno/a, das súas capacidades, de preparar ao alumnado para afrontar os seus retos persoais ao longo da vida con éxito. Polo tanto, o aprendizaxe competencial non só ten como finalidade que os/as alumnos/as sexan capaces de aprender, senón de aprender a aprender, aprender a convivir e aprender a facer. Estas competencias básicas desenvolverémolas ao longo do curso con diferentes actividades nos distintos niveis.

É importante incluír as **catro destrezas** na aprendizaxe da lingua estranxeira: **falar, escoitar, ler e escribir** (speaking, listening, reading and writing). Estas destrezas practícaranse mediante xogos, cancións, historias, vídeos e algunha manualidade, sempre utilizando a lingua inglesa. Estas actividades pretenden motivar ao alumnado e facilitar o aprendizaxe dunha nova lingua mediante actividades lúdicas e divertidas.

Tamén será importante ter en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as distintas formas de aprender. Polo tanto, a **metodoloxía** empregada será **flexible** para que todos os integrantes do grupo poidan participar, e ao mesmo tempo será **cooperativa** e **colaborativa**, sempre traballando en grupo e axudando aos alumnos/as que o requiran. Teranse en conta aqueles alumnos/as que non acadaron os obxectivos que se programaron, así como os casos en que algúns destaquen na consecución de obxectivos e que, ante a falta de actividade



programada, se desmotiven e perdan o interese pola lingua estranxeira. Como solución a estas posibles situacións inclúense actividades de ampliación, para os máis avanzados, e de reforzo, para os/as alumnos/as que queden estancados nalgún momento.

O **alumnado** é o centro de atención no proceso de ensinanza e aprendizaxe da lingua estranxeira e debe ter un **papel activo e participativo** na aula. Por outra banda, a mestra debe ser activa, reflexiva e axustada ao nivel que mostra o alumno/a debendo: iniciar o input da lingua, axudar ao individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan o alumnado, proporcionar retroalimentación, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para os/as alumnos/as, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

### **Materiais**

Os libros de texto que imos a utilizar chámanse *All About Us 2*. Combina unha metodoloxía centrada nas catro destrezas (reading, writing, listening e speaking). Este libro fomenta tamén os valores da familia e a amizade, a cooperación, a axuda e o agradecemento. Conta con diferentes apartados: vocabulario e gramática, cancións, historias, dramatización, valores e exploración do mundo real. É un libro que está centrado no alumnado e permite que eles/elas, sexan cales sexan as súas habilidades, aprendan facendo, aprendan xuntos/as e aprendan uns dos outros. Ademais *All About Us* proporciona unha extraordinaria cantidade de vídeos cos cales se pode conseguir unha implicación máxima do alumno/a e unha gran eficiencia da aula. O núcleo deste libro está na vida real, seguindo as vivencias dun/dunha escolar británico/a e compartindo con el as experiencias de aprendizaxe. O curso está baseado en situacións e cada unidade parte dun acontecemento da vida do neno/a, por exemplo a súa familia coa árbore xenealóxica ou unha saída para ir á granxa e coñecer os animais.

*All about Us* baséase nunha sólida metodoloxía de aprendizaxe por competencias e asegura que se desenrolen todas as competencias básicas. Inclúense actividades para desenvolver as habilidades de razonamento e retos que requiren que os/as alumnos/as traballen en colaboración e se superen dende o

punto de vista cognitivo. Ao mesmo tempo este libro tamén activa dunha forma natural a curiosidade por outras culturas, invitando ao alumnado a explorar e reflexionar sobre o mundo que se lles presenta.

O alumnado deberá mercar o Activity Book de *All About Us 2* para traballarna aula, mentres que o Classbook de *All About Us 2* utilizarémolo na pantalla dixital para traballar toda a clase de forma cooperativa e oralmente.

Tamén será necesario unha carpeta para archivar os diferentes traballos que fagamos ao longo do curso.

Nas festividadeas, utilizaremos algunha película, conto, manualidade, presentación dixital ou outra actividade diferente para celebrar ese día e traballar con contido relacionado, xa sexa de Halloween, de Nadal ou do día da Paz.

## **Recursos**

Con respecto aos recursos multimedia, empregaranse cancións, vídeos de internet, DVDs, CD-Roms, historias ou contos online, aplicacións ou programas de ordenador.

## **Actividades**

As **actividades de inicio** de lección serven para activar os coñecementos previos do alumnado nos temas novos que se van a traballar ou repasar os xa traballados. Isto adoitase facer con actividades de brainstorming ou de repaso, con xogos, flashcards, posters ou cancións.

Logo están as **actividades de desenrolo** da lección, estas apelan ás intelixencias múltiples e facilitan a adquisición, fixación, evolución e mellora das diferentes destrezas lingüísticas. Estas actividades son: cancións, xogos,

actividades de lecto-escritura para os máis maiores, historias, cuts outs, actividades de pronunciación ou intercurriculares.

A continuación, temos as **actividades de reforzo e ampliación** que están destinadas para os/as alumnos/as que teñen diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe. O obxectivo é que este alumnado se motive e participe no proceso de ensinanza e aprendizaxe con plena satisfacción e alcance o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese. Algunhas destas actividades son unha extensión para aqueles alumnos/as sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio.

As **actividades de desenvolvemento de competencias clave** contribúen máis especificamente ó desenvolvemento dunha ou varias competencias básicas como: brainstorming, role-plays, actividades interactivas, actividades na pizarra dixital, actividades de investigación ou en grupo, interpretación de datos, gráficas, textos culturais, cancións, rimas ou actividades que se traballan as emocións.

## **9. Atención á diversidade**

As medidas de atención á diversidade levanse a cabo co reforzo educativo dentro da aula. Para iso utilízanse actividades de apoio que lle axuden a entender mellor os conceptos dados na aula e así poder alcanzar o mesmo nivel que os seus compañeiros/as.

Por outro lado, tamén cabe destacar que en todas as clases hai alumnado que posúe un ritmo avanzado de traballo. Para eles elabóranse actividades de ampliación dos contidos xa dados na clase.

**PROGRAMACIÓN**  
**DIDÁCTICA DE LINGUA**  
**ESTRANXEIRA: INGLÉS**  
**4º de Educación Primaria**

CURSO 2022 - 2023

Mestra: Paula Fernández Bouzón

TÁBOA DE CONTIDO:

- 1. Xustificación**
- 2. Contexto**
- 3. Obxectivos**
- 4. Competencias clave**
- 5. Contidos**
- 6. Avaliación**
  - Instrumentos de avaliación**
  - Criterios de avaliación**
- 7. Estándares de aprendizaxe**
- 8. Metodoloxía**
  - Materiais**
  - Recursos**
  - Actividades**
- 9. Atención á diversidade**

## **1. Xustificación**

“A educación é a arma máis poderosa que pode mover o mundo” frase célebre de Nelson Mandela. De acordo con esta cita, a educación é unha arma moi importante e necesaria para todos os nenos/as, porque grazas a ela pódese transformar a realidade, crear cousas novas, investigar ou comunicarse en distintos idiomas con xente de todo o mundo. Ademais, segundo o decreto 105/2014 do 4 de setembro, establece que a educación debe ser de calidade para todo o alumnado, sempre tendo en conta as características individuais e as necesidades de cada alumno/a.

Arredor de 500 mil millóns de persoas falan inglés en todo o mundo, sendo a lingua vehicular na ciencia, na televisión, nos deportes, na economía ou na publicidade. Hoxe en día estamos rodeados da lingua inglesa por todas partes, por iso é imprescindible que o alumnado adquira as catro destrezas comunicativas nesta lingua (ler, escribir, escoitar e falar). Este proceso de ensinanza e aprendizaxe basearase en actividades lúdicas e interactivas, como xogos, cancións, historias ou representacións teatrais, realizadas de forma cooperativa, en grupos ou en parellas, aínda que algunhas tamén serán de forma individual. A finalidade de todas estas actividades será a adquisición das catro destrezas comunicativas.

Espérase que o alumnado adquira unha boa competencia lingüística nesta lingua, que saiba traballar en grupo, colaborando e axudando aos seus compañeiros/as, que adquira ferramentas para a resolución de problemas, desenrolar a competencia de aprender a aprender. O principal obxectivo desta materia é que ao finalizar a Educación Primaria adquieran unha competencia básica nesta lingua estranxeira, que sexan capaces de entablar unha conversa cunha persoa nativa, que saiban escribir pequenos documentos e composicións en inglés.

A metodoloxía será constructivista e significativa, sempre partindo dos coñecementos previos do alumnado, para ir construíndo así novos aprendizaxes. Con respecto aos agrupamentos, a clase estará organizada en forma de U, deste xeito será doado facer grupos, parellas ou equipos para traballar na aula. Estes agrupamentos nos facilitan á hora de realizar diversas actividades, todas elas

lúdicas e divertidas para que sea máis doado a adquisición da nova lingua. Tamén utilizaremos diferentes recursos como a pizarra dixital, os ordenadores, contos, cancións, xogos, etc. que axuden ao alumnado a motivarse neste proceso de ensinanza e aprendizaxe.

Ao mesmo tempo, nesta materia tamén se traballarán temas transversais como o coidado da natureza ou os animais, a cultura dos países de fala inglesa ou diferentes festividades como Halloween, Nadal ou o día da paz.

Finalmente, cabe sinalar que nos centraremos nas dificultades que teña o alumnado nesta materia, xa que cada alumno/a ten as súas necesidades específicas: cognitivas, organizativas, etc. Polo tanto, primeiro analizaranse as dificultades, comunicaranse ao departamento de orientación do centro si lles compete a eles e buscaranse solucións para axudar a este alumnado con algún tipo de problema.

## **2. Contexto**

O CEIP Xuño está situado na parroquia de Xuño, no concello de Porto do Son, collendo o desvío á praia de As Furnas dende a estrada comarcal C-550, de Noia a Ribeira. A súa área de influencia abrangue as parroquias de Xuño, San Pedro de Muro e Caamaño.

O CEIP de Xuño depende da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e ten adscritos as Escolas de Educación Infantil de Caamaño e Carballosa e o CEIP de Seráns, que escolariza alumnado de EI, 1º e 2º de Educación Primaria, polo que o colexio de Xuño recibe alumnado de Caamaño e Carballosa no 1º curso de Educación Primaria e de Seráns no 3º curso.

Pola súa parte, o CEIP de Xuño está adscrito ao IES de Porto do Son, centro no que se incorpora o alumnado para cursar a ESO ao rematar a Educación Primaria.

Os domicilios do alumnado con respecto da escola están bastante alonxados, polo que é necesario o uso do transporte escolar para a maioría deles.

O medio rural e físico no que está situado o noso centro favorece o desenvolvemento de actividades de observación, experimentación e traballo práctico co alumnado e permite o aproveitamento didáctico de praias, cantís, lagoas, bosques, montes, ríos, restos históricos e prehistóricos, etc.

A poboación da zona é eminente rural e orixinaria da mesma, existindo poucas familias procedentes doutros lugares. A adaptación escolar do alumnado non é conflitiva e a integración no centro é boa.

A situación socioeconómica das familias, tomando como referencia o nivel de estudos e o grao de cualificación profesional, podémola encadrar nun nivel medio baixo. Unha alta porcentaxe dos pais e nais do alumnado deste centro posúen unha titulación acorde co graduado escolar ou semellante, sendo limitada a representación de nais e pais cunha titulación media ou superior.

Na zona existe unha alta taxa de emprego feminino debido á ampla oferta laboral en fábricas conserveiras e de envasado de peixe no limítrofes concellos de Ribeira e Pobra do Caramiñal, existindo tamén un certo nivel de emprego en centros comerciais e supermercados da zona. O emprego laboral masculino redúcese ao ámbito da construción, pequeno autónomo e pesca, tanto de baixura, altura ou marisqueo.

As unidades familiares están integradas, maioritariamente polos pais, nais, fillos e fillas, existindo tamén a convivencia con outros familiares como avoas, avós, tías e tíos... A existencia de familias con problemática familiar grave non é moi representativa.

Nos últimos cursos obsérvase un descenso da poboación, principalmente de xente nova, que se instala nas poboacións próximas que ofertan máis posibilidades de emprego, onde o acceso á vivenda é máis doado, e onde ás ofertas lúdicas e culturais e posibilidades de conciliación laboral e familiar son maiores. Esta situación implica un progresivo descenso da matrícula no centro.

A oferta cultural e recreativa é bastante deficiente a pesar de que nas tres parroquias desta demarcación académica existen Casa de Cultura, pero con escasa dotación de contidos nin ofertas culturais. Neste momento, é a ANPA do centro a que organiza algunha actividade, e o Concello o que, a través da sección de



Servizos Sociais e de Cultura e Deportes, organiza campamentos estivais e actividades lúdicas e de lecer nas vacacións de nadal.

A lingua empregada habitualmente polas familias é o galego, habendo unha alta porcentaxe que utiliza exclusivamente esta lingua en todos os ámbitos de relación.

O centro é de Educación Infantil e Primaria, tendo unha soa liña por curso, conta con 7 unidades: unha de infantil e seis de primaria. En total hai 88 alumnos/as no centro: seis alumnos/as de cuarto de infantil, cinco alumnos/as de quinto de infantil, dous alumnos/as de sexto de infantil, once alumnos/as en 1º de Ed. Primaria, nove alumnos/as de 2º de Ed. Primaria, dezasete alumnos/as de 3º de Ed. Primaria, doce alumnos/as de 4º de Ed. Primaria, doce alumnos/as de 5º de Ed. Primaria e catorce alumnos/as de 6º de Ed. Primaria.

Esta escola conta con sete aulas para os/as titores/as, unha aula de inglés, unha aula de música, unha aula de informática, a biblioteca, o ximnasio, a aula de audición e linguaxe, a aula de pedagogía terapéutica, o despacho de dirección, o despacho da orientadora, a sala de mestres/as, unha aula pequena de xogos para os nenos/as de infantil, outras aulas con usos múltiples, baños para mestres e alumnos/as, un patio con pistas para xogar e un parque para os alumnos/as de infantil e un pavillón deportivo que pertence ao concello.

O centro ten xornada única e o horario é de 9:45 a 14:45. Os martes pola tarde temos o horario de nais ou pais para titorías, de 17:30 a 18:30. Polas tardes ofértase servizo de biblioteca de 16:30 a 18:30.

En cuarto curso de educación primaria hai doce alumnos/as escolarizados, cada un con diferentes ritmos de aprendizaxe.

### **3. Obxectivos**

De acordo cos obxectivos da educación primaria, esta contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- ◆ Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

- ◆ Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- ◆ Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- ◆ Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- ◆ Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- ◆ Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- ◆ Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- ◆ Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- ◆ Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

#### **4. Competencias clave**

As competencias clave están incluídas no currículo (Real Decreto 126/2014). Estas son as capacidades para activar e aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza ou de cada etapa educativa, para lograr a

realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos ou o desenvolvemento persoal para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego. As competencias clave son as seguintes:

1. **Comunicación lingüística (CCL):** o alumnado utiliza a lingua inglesa como instrumento de comunicación na aula, tanto na expresión oral como na expresión escrita. Poténciase deste xeito as catro destrezas comunicativas: speaking, listening, reading e writing. Tamén se debe ter en conta os aspectos socioculturais que se aprenden a través desta competencia, os valores e as actitudes como o respecto ás normas de convivencia, o exercicio da cidadanía, o desenvolvemento dun espírito crítico, o respecto aos dereitos humanos e ao pluralismo, a resolución de conflitos e o desenvolvemento das capacidades afectivas en tódolos ámbitos.
2. **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT):** implica aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Por exemplo, na materia de inglés aprenderemos os números, xogaremos con eles facendo algunhas operacións matemáticas, faremos actividades de ordenar, interpretar informacións, para coñecer máis aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria.
3. **Competencia dixital (CD):** implica o uso crítico, creativo e seguro das novas tecnoloxías. Hoxe en día é preciso actualizarse e renovarse con respecto ás novas tecnoloxías, e así adquirir novos coñecementos, habilidades e actitudes para ser competente no ámbito dixital. En clase utilizaremos todos os días a pizarra dixital, onde o alumnado poderá seguir o Class Book e terá a oportunidade de realizar diversas actividades nela. Tamén precisaremos ir á aula de informática a menudo para realizar proxectos de investigación en grupo ou repaso da unidade mediante xogos ou actividades online.

4. **Aprender a aprender (CAA):** esta competencia supón iniciarse no aprendizaxe e ser capaz de ir aprendendo de forma autónoma, este aspecto é fundamental para a vida. As actitudes e valores clave na adquisición desta competencia son a motivación para aprender e a confianza para alcanzar as metas da aprendizaxe. Esta competencia desenrolarémola a través de proxectos de investigación, xa sexa nas súas casas, en libros da biblioteca ou na sala de informática utilizando os ordenadores. Deste xeito conseguiremos un aprendizaxe autónomo nos alumn@s.
  
5. **Competencias sociais e cívicas (CSC):** implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade para comprender a realidade social do mundo en que se vive e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade cada vez máis plural. Esta competencia require a adquisición de coñecementos que permitan entender e analizar os códigos de conduta e o comportamento adecuado para vivir en sociedade. Na materia de inglés presentaremos unhas normas de convivencia ao comezo do curso, as cales deberán ser cumpridas polo alumnado e ademais analizaremos a sociedade inglesa no ámbito social.
  
6. **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** esta competencia refírese a transformar ideas en actos, o que implica adquirir conciencia dunha situación, optar con criterio propio e levar adiante as iniciativas necesarias para desenvolver a opción elexida e facerse responsable dela, tanto no ámbito persoal como no social ou laboral. A adquisición desta competencia é determinante para a formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento. Esta competencia levarase a cabo mediante proxectos onde se tratará de que @s alumn@s mostren a súa creatividade e autonomía propia.
  
7. **Conciencia e expresións culturais (CCEC):** implica coñecer, apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de desfrute e enriquecemento persoal. A

aprendizaxe dunha lingua estranxeira como é o inglés, colabora no desenvolvemento desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen un compoñente cultural. Polo tanto, esta competencia facilita tanto expresarse e comunicarse, como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo do arte e da cultura. Nesta materia indagaremos sobre moitos aspectos culturais como son as festividades de Halloween, Christmas, Saint Patrick's Day ou Bonfire Night. Ademais tamén faremos algún traballo relacionado coa arte, onde o alumnado deberá ser creativo e imaxinativo á hora de crear a súa obra.

## 5. Contidos

Con respecto ao currículo, cada curso de educación primaria está estruturado en cinco bloques que se presentan separados, pero deben ser entendidos como inseparables tanto na práctica lingüística como en cada acto comunicativo. Os bloques son os seguintes:

- **O bloque 1 Comprensión de textos orais**, aquí abórdanse estratexias comunicativas necesarias para comprender en contextos reais ou simulados e iniciar o camiño cara a adquisición e posterior desenvolvemento das estratexias de comprensión oral da lingua estranxeira.
- **O bloque 2 Produción de textos orais**, trata o desenvolvemento de habilidades de produción oral e a súa finalidade é dotar aos alumnos/as de estratexias e destrezas comunicativas necesarias para interactuar en contextos reais ou simulados.
- **O bloque 3 Comprensión de textos escritos**, céntrase en aspectos da comprensión escrita, así como a adquisición das destrezas lectoras necesarias, a descodificación do texto e lectura funcional, desenvólvese progresivamente nos distintos cursos para que o alumnado poida adquirir

os coñecementos e habilidades que lle permitan un dominio progresivo da comprensión da lingua escrita.

- **O bloque 4 Producción de textos escritos**, é dicir, expresión e interacción expón o desenvolvemento e uso progresivo e autónomo da escritura, partindo do afianzamento da expresión oral.
- **O bloque 5 Coñecemento da lingua e consciencia intercultural**: enumera as funcións, nocións e elementos e estruturas lingüísticas que van posibilitar o uso reflexivo da lingua para comprender e interactuar en diferentes situacións de comunicación.

En cuarto curso de educación primaria, os contidos están clasificados nos cinco bloques mencionados anteriormente:

### **Bloque 1: Comprensión de textos orais**

- B1.1 Estratexias de comprensión:
  - ❖ Uso progrevo do contexto visual e non verbal e dos coñecementos previos, transferidos desde as linguas que coñece a lingua estranxeira, para a formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar, sobre o tema ou a situación.
  - ❖ Interpretación das ideas principais expresadas en mensaxes orais de progresiva complexidade, como instrucións ou explicacións e interaccións orais ou gravacións en soporte audiovisual e informático para extraer información global e dalgún detalle concreto.
  - ❖ Recoñecemento de léxico, formas e estruturas básicas orais propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente utilizadas.
  - ❖ Asociación de palabras e expresións con elementos paraverbais (entoación, pausas, énfases...) e non verbais (expresión facial, xestos...).

- ❖ Seguimento verbal e non verbal de mensaxes orais (instrucións e peticións) de progresiva complexidade en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.
  - ❖ Repetición, memorización comprensiva e observación de modelos correspondentes a rimas, cancións, dramatizacións... para a adquisición do léxico e expresións cotiás da lingua estranxeira.
  - ❖ Desenvolvemento de actitudes e estratexias de cooperación e respecto en situacións de aprendizaxe compartida que faciliten interaccións orais en grupo, seguindo modelos pautados, para a realización de tarefas na aula.
- B1.2 Patróns sonoros, rítmicos e de entoación: identificación progresiva de aspectos fonéticos, do ritmo e da entoación da lingua estranxeira como aspectos fundamentais para a comprensión de breves textos orais a través do xogo e da expresión corporal e musical.

## **Bloque 2: Producción de textos orais**

- B2.1 Estratexias de produción:
  - ❖ Planificación:
    - Concibir a mensaxe con claridade e practicalo varias veces.
  - ❖ Execución:
    - Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.
    - Apoiarse nos coñecementos previos para participar activamente en situacións funcionais de comunicación, seguindo modelos, adecuadas á idade do alumnado e aos seus intereses.
    - Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos non verbais (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal).
    - Recoñecer e usar progresivamente léxico, formas e estruturas básicas orais moi breves propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente traballadas.
    - Participar en interaccións orais en situacións reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais.

- Producir textos orais cotiás de índole diversa tendo en conta tanto elementos lingüísticos como extralingüísticos: utilizar xestos ou recorrer a imaxes para axudar na comprensión de producións orais.
  - Participar activamente en intercambios lingüísticos orais sinxelos, previamente traballados en grupo, para expresar as necesidades de comunicación máis inmediatas.
  - Empregar a lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación.
- B2.2 Patróns sonoros, rítmicos e de entoación:
- ❖ Uso axeitado dos sons propios da lingua estranxeira: pronuncia de palabras e frases cotiás de forma comprensible.
  - ❖ Iniciación ás normas que regulan a interacción oral (quendas de palabra, volume de voz e ritmo axeitado).
  - ❖ Dominio moi progresivo de aspectos fonéticos básicos, de ritmo e entoación para a produción de textos breves orais a través do xogo e da expresión corporal e musical.

### **Bloque 3: Comprensión de textos escritos**

- B3.1 Estratexias de comprensión:
  - ❖ Activación do coñecementos previos en relación á tipoloxía e tema do texto que se vai traballar.
  - ❖ Identificar elementos icónicos, títulos e facer unha primeira anticipación sobre o contido de textos escritos sinxelos adaptados á súa idade.
  - ❖ Identificación de palabras clave do texto, relacionadas cos e coas personaxes e o contexto a través da linguaxe non verbal ou co apoio de ilustracións.
  - ❖ Identificación de textos sinxelos: regras de xogos, algunhas instrucións, carteis da aula...
  - ❖ Recoñecer o léxico, formas e estruturas básicas escritas propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente utilizadas.



- ❖ Captación da idea global e identificación de elementos máis relevantes en textos escritos situacións cotiás próximas á experiencia como invitacións, felicitacións, notas, avisos, folletos..., con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.
  - ❖ Lectura guiada e comprensión de diferentes textos sinxelos, en soporte papel e dixital, adaptados á competencia lingüística do alumnado, para utilizar información global e específica, no desenvolvemento dunha tarefa, proxecto ou para gozar da lectura.
  - ❖ Iniciación no uso do dicionario bilingüe e das tecnoloxías da información e da comunicación para ler (web, programas multimedia e correo electrónico).
- B3.2 Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais:
- ❖ Recoñecemento dos signos de puntuación elementais.
  - ❖ Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións analíticas grafía-son.
  - ❖ Recoñecemento de símbolos de uso frecuente: €, £, @.

#### **Bloque 4: Producción de textos escritos**

- B4.1 Estratexias de produción:
- ❖ Planificación:
    - Seleccionar o tipo de texto que se vai producir: conto, notas, dramatizacións ...
    - Iniciarse no uso do dicionario bilingüe e outros materiais de consulta en soporte papel ou dixital adecuados á idade do alumnado.
  - ❖ Execución:
    - Producir a mensaxe escrita con claridade, utilizando expresións e frases coñecidas.

- Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual do alumnado e de materias audiovisuais e multimedia para reproducir mensaxes escritas sinxelas.
  - Apoiarse nas palabras e frases coñecidas previamente en interaccións orais e de lectura.
  - Seleccionar e empregar o léxico adecuado ao tema e usar algún recurso cohesivo para non repetir palabras.
  - Reelaborar informacións en ficheiros, libríños... textos escritos, moi breves e pautados, afíns aos seus intereses, cunha intención comunicativa.
  - Reproducir a forma gráfica de certas palabras en situacións comunicativas, sen modelos dados, a través de hipóteses ou tratando de recordar a súa forma.
  - Compoñer a partir de modelos, diferentes textos sinxelos, utilizando expresións e frases coñecidas oramente, para transmitir información.
  - Utilizar a lingua estranxeira en mensaxes escritas como recordatorio visual e para á aprendizaxe de novas palabras e expresións (carteis para identificar os obxectos e os espazos da aula, calendario, normas de xogos, cartafol colectivo...).
  - Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e a comunicación para producir textos e presentacións, recompilar e transmitir información.
- B4.2 Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais:
- ❖ Uso dos signos de puntuación máis básicos.
  - ❖ Uso de símbolos de uso frecuente: €, £.
  - ❖ Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións grafía-son.

## **Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia intercultural**

- B5.1 Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:
  - ❖ Valoración positiva das intervencións orais propias e alleas na lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e coñecer outras culturas.
  - ❖ Valoración da propia cultura a través do coñecemento e valoración doutras culturas, respecto e aceptación de ideas e costumes distintos.
  - ❖ Recoñecemento e aprendizaxe de formas básicas de relación social na lingua estranxeira.
  - ❖ Recoñecemento da realidade plurilingüe da propia contorna.
- B5.2 Funcións comunicativas:
  - ❖ Establecemento de relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais.
  - ❖ Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo/a e dos e das demais.
  - ❖ Expresión da posesión dun mesmo/a e dunha terceira persoa en afirmativa e negativa.
  - ❖ Expresión da información en afirmativa e negativa e formulación das correspondentes preguntas.
  - ❖ Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana, os meses e o tempo atmosférico, a hora, etc.
  - ❖ Descrición das rutinas diarias.
  - ❖ Realización de preguntas e respostas sinxelas indicando a identificación e localización de persoas, de obxectos e de lugares...
  - ❖ Realización de preguntas e respostas sinxelas en relación a operacións de compravenda.
  - ❖ Formulación de preguntas e respostas sinxelas en relación á cantidade.
  - ❖ Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os gustos e preferencias.
  - ❖ Realización de preguntas e respostas sobre a habilidade.
  - ❖ Expresión de habilidades e capacidades en afirmativo e negativo.
  - ❖ Formulación de preguntas e respostas sobre a vestimenta.

- ❖ Descripción de persoas, plantas e animais.
  - ❖ Expresión básica de desexos.
  - ❖ Formulación de preguntas sobre o desexo.
  - ❖ Expresión de instrucións.
  - ❖ Preguntas e respostas sobre petición e ofrecemento de axuda.
- B5.3 Estruturas sintáctico-discursivas:
- ❖ Saúdos, agradecemento, despedidas... (Hi, See you, How are you? I'm fine, thanks...).
  - ❖ Preguntas e respostas sobre aspectos persoais, como nome, idade, estado de ánimo, comida favorita... (What's your name?, My name is, How old are you?, I'm, I'm (bored), What's your favourite (sport)?, My favourite (sport) is ..., What's his/her favourite (subject)?, His/her favourite (subject) is ...).
  - ❖ Expresión de posesión en primeira e terceira persoa e formulación da pregunta correspondente e resposta afirmativa e negativa.
  - ❖ Expresión da información (I've/I haven't got (English) on (Friday), Have you got (PE) on (Tuesday), Yes, I've/No, I haven't).
  - ❖ Preguntas e respostas sobre os días da semana, meses, o tempo atmosférico e a hora (What time is it?, It's (half) past (one)...).
  - ❖ Descripción das rutinas diarias (I get up) (at eight o'clock) on (Monday)).
  - ❖ Preguntas e respostas sobre obxectos do seu interese (Where's it?, It's in/on/under/next to).
  - ❖ Expresión de cantidade: contar desde 1 a 100.
  - ❖ Preguntas e respostas sinxelas sobre o prezo (How much is it?, It's (one) pound and (fifty) cents).
  - ❖ Preguntas e respostas sinxelas sobre a cantidade de obxectos ou persoas (How many... are there?).
  - ❖ Preguntas e respostas sobre o gusto en primeira persoa (Do you like (cheese)?, Yes I do/ No, I don't).
  - ❖ Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa e negativa (I like (salad), I don't like (chips)).

- ❖ Realización de preguntas e respostas sobre habilidade (Can you (swim)?, Yes, I can; No, I can't).
  - ❖ Expresión de habilidades en afirmativo e negativo (I can (play the piano), I can't (play the trumpet)).
  - ❖ Identificación das pezas de roupa (I'm wearing, he/she's wearing).
  - ❖ Preguntas e respostas sobre a vestimenta (What's she/he wearing?, Who's wearing (shoes)?).
  - ❖ Expresión de desexos (I want to (make a cake)).
  - ❖ Preguntas sobre o desexo (Do you want to (play basketball?)).
  - ❖ Expresión de instrucións (Touch your (legs), listen, please...).
  - ❖ Realización de preguntas e respostas curtas (What's this?, It's...)
  - ❖ Preguntas e respostas sobre petición e axuda (Can I have (pasta), please?).
- B5.4 Léxico oral de alta frecuencia (recepción e recepción) relativo a posesións persoais, a cores, números ata o 100, preposicións, días da semana, roupa, materiais escolares, a hora, adxectivos para describir persoas, lugares e obxectos, partes do corpo e a cara, deportes, equipamento deportivo, actividades ao aire libre, comida, moedas (euros, cents, pounds, pence), estado e sentimentos, tempo atmosférico, días da semana, meses, estacións do ano, accións (rutina diaria...), instrumentos musicais, materiais, animais e partes da casa.

## 6. Avaliación

De acordo coa avaliación, seguimos os criterios establecidos no decreto 105/2014 do 4 de setembro, onde se especifica o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. A avaliación será **global**, deste xeito este proceso de avaliación dinos **que, como e cando** avaliar.

Nesta programación teremos en conta diferentes tipos de avaliación, en primeiro lugar a **avaliación inicial** que se fará ao comezo do curso, facendo unha revisión dos conceptos adquiridos polo alumnado no curso anterior. Para realizar esta avaliación inicial en cuarto curso de educación primaria, utilizaremos cancións,

flashcards, xogos e faremos un test de avaliación inicial onde se poñen a proba as catro destrezas: listening, speaking, reading e writing.

Logo, a **avaliación formativa** ou **continua** que ten lugar en cada unidade didáctica. Recollerase a información necesaria do alumnado nun diario de clase ao longo de cada unidade, esta información será obtida mediante a observación directa na aula e terase en conta quen necesita reforzo educativo nesta materia. Polo tanto, na materia de lingua estranxeira inglés terase en conta ao longo do curso o desenrolo progresivo dos contidos, os obxectivos, as competencias clave e alcanzar os estándares de aprendizaxe propostos.

Finalmente, a **avaliación sumativa** realízase ao final de cada unidade didáctica. Nesta avaliación téñense en conta que os obxectivos e os criterios de avaliación da respectiva unidade se adquiriran na súa maioría. Tamén se fará unha **autoavaliación** ao finalizar cada unidade para que o alumnado valore e sexa consciente da súa propia aprendizaxe.

### **Instrumentos de avaliación**

En cuarto curso de educación primaria teremos en conta os seguintes instrumentos de avaliación:

- O **traballo diario** na clase, o **esforzo** mediante a observación directa do alumnado na clase e as actividades realizadas no Activity Book. Isto conta un 20 % da nota final de cada trimestre.
- O **comportamento** dos alumnos/as que contará un 10% da nota final de cada trimestre.
- A **participación** na clase, levantando a man e intervindo cando se pregunta. Isto conta un 10% da nota final de cada trimestre.
- As **probos realizadas ao final de cada unidade** contará un 60% da nota final de cada trimestre, dentro desta porcentaxe teranse en conta as catro destrezas: speaking un 25%, listening un 25%, reading un 25% e writing un 25%. O Activity Book contará un 20%, os proxectos que fagamos serán puntuados cun 20% e as probas realizadas contabilizarán outro 20% da nota.
- Ao final de cada unidade didáctica farase tamén unha **autoavaliación**.

A avaliación sumativa farase mediante diferentes **rúbricas** para avaliar ao alumnado de cuarto de educación primaria.

As notas finais de cada trimestre serán do 1 ao 10, sendo dun cinco para arriba un aprobado, que quere dicir que o alumno/a adquiriu os obxectivos mínimos esixidos e dun cinco para abaixo significa que o alumno/a non adquiriu os obxectivos mínimos.

### **Criterios de avaliación**

Para os criterios de avaliación, debemos ter en conta a Orde do 9 de xuño de 2016 (DOG 10/06/2016), pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os criterios de avaliación utilízanse para cualificar o progreso do noso alumnado durante o curso e divídense en cinco bloques de contido. Estes son os criterios de avaliación de 4º de educación primaria que se terán en conta á hora de avaliar:

#### **Bloque 1: Comprensión de textos orais**

- B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso cotiá con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos presentes nas situacións comunicativas e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias, articulados con claridade e lentamente, transmitidos de viva voz ou por a través de recursos multimedia que non distorsionen a mensaxe.
- B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información mais importante do texto.
- B1.3. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.

#### **Bloque 2: Producción de textos orais**

- B2.1. Interactuar en situacións reais ou simuladas sinxelas de comunicación sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata,

usando expresións e frases coñecidas e de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or/then).

- B2.2. Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionais de comunicación que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do seu interese cunha pronuncia axeitada e empregando as convencións propias do proceso comunicativo.
- B2.3. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación.
- B2.4. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.

### **Bloque 3: Comprensión de textos escritos**

- B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas máis importantes en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado, e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.
- B3.2. Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.
- B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións e interrogacións.

### **Bloque 4: Producción de textos escritos**

- B4.1. Escribir textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.
- B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.
- B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.



- B4.8. Iniciar o uso das ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente.

### **Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia intercultural**

- B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito.
- B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura.
- B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos dirixidos.
- B5.4. Obter e dar información persoal, sobre o seu contorno máis inmediato en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.
- B5.5. Expresar nocións básicas relativas a rutinas, tempo, vestimenta e prezo.
- B5.6. Expresar e identificar localización de persoas, de obxectos e de lugares.
- B5.7. Solicitar e comprender o permiso, o acordo, a información, a preferencia, a axuda ou o desexo, a capacidade entre outras.
- B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.
- B5.9. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.
- B5.10. Utilizar estruturas sintácticas de progresiva dificultade (p. e. enlazar frases sinxelas con conectores básicos como and, or, then).
- B5.10. Mostrar un control sobre un conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.
- B5.11. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.
- B5.12. Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividade...).)

- B5.13. Recoñecer un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, intereses e próximos á súa idade.

## **7. Estándares de aprendizaxe**

Os estándares de aprendizaxe organízanse en cinco grandes bloques: Bloque 1: comprensión de textos orais; Bloque 2: produción de textos orais: expresión e interacción; Bloque 3: comprensión de textos escritos; Bloque 4: Produción de textos escritos; e Bloque 5: coñecemento da lingua e conciencia intercultural.

### **Bloque 1: Comprensión de textos orais**

- PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información máis importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade.
- PLEB1.2. Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que contén con apoio visual.
- PLEB1.3. Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.
- PLEB1.4. Escoita atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper.
- PLEB1.5. Interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación.

### **Bloque 2: Produción de textos orais**

- PLEB2.1. Participa en situacións reais ou simuladas de comunicación breves e elementais, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles.

- PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás.
- PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.
- PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas ou dramatizacións).
- PLEB2.5. Manifesta interese e respecto polas aportacións dos seus compañeiros/as.
- PLEB2.8. Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas.
- PLEB2.9. Domina progresivamente aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais.

### **Bloque 3: Comprensión de textos escritos**

- PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
- PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística.
- PLEB3.3. Amosa interese pola lectura nunha lingua estranxeira.
- PLEB3.4. Selecciona contos, narracións ou outro material escrito da biblioteca de aula para a súa lectura autónoma acordes a súa idade e intereses.
- PLEB3.5. Iniciase progresivamente no uso autónomo de estratexias de comprensión lectora.
- PLEB3.6. Formula hipóteses sobre o texto a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan, e compróbaas.
- PLEB3.7. Valora interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos.
- PLEB3.9. Amosa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos.

#### **Bloque 4: Producción de textos escritos**

- PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.
- PLEB4.2. Escribe conversas sinxelas, seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida.
- PLEB4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersoal (invitacións, notas e avisos).
- PLEB4.4. Completa un formulario en liña cos seus datos persoais e dos e das demais (nome, apelido, idade...).
- PLEB4.5. Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, qué hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar.
- PLEB4.6. Escribe correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata.
- PLEB4.7. Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado.
- PLEB4.8. Utiliza de xeito guiado as TIC para a produción de textos sinxelos.
- PLEB4.9. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.
- PLEB4.10. Amosa interese por utilizar a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica.

#### **Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia intercultural**

- PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.
- PLEB5.2. Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.

- PLEB5.3. Inicia e remata as interaccións adecuadamente.
- PLEB5.4. Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe cotiás en distintos contextos.
- PLEB5.5. Expresa, identifica e distingue os tramos horarios e as rutinas do día, prezos, vestimentas...
- PLEB5.6. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre a localización (obxectos, espazos, seres vivos...).
- PLEB5.7. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre o permiso o acordo, a preferencia, desexo ou a capacidade.
- PLEB5.8. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.
- PLEB5.9. Diferencia preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.
- PLEB5.10. Memoriza rutinas lingüísticas para desenvolverse nas interaccións habituais.
- PLEB5.12. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.
- PLEB5.13. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións de aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.

## 8. Metodoloxía

En canto á metodoloxía, partírase sempre dos coñecementos previos que ten o alumnado, e así ir construindo pouco a pouco coñecementos novos. Será un **aprendizaxe significativo** e **construtivista**, partindo da realidade que coñecen para desenvolver un mundo descoñecido por eles e ir adquirindo novos conceptos.

Tamén hai que destacar que será unha **aprendizaxe globalizada**, posto que xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos/as, relacionando esta materia con outras áreas curriculares como Ciencias da Natureza, Ciencias

Sociais, Educación Artística, Matemáticas ou Educación Física. En primeiro lugar, comezaremos polo coñecemento do mesmo neno ou nena e a continuación coa exploración do mundo que os rodea, como a súa casa, o colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral.

Potenciarase unha **aprendizaxe competencial**, o cal perseque o desenvolvemento do potencial de cada alumno/a, das súas capacidades, de preparar ao alumnado para afrontar os seus retos persoais ao longo da vida con éxito. Polo tanto, o aprendizaxe competencial non só ten como finalidade que os/as alumnos/as sexan capaces de aprender, senón de aprender a aprender, aprender a convivir e aprender a facer. Estas competencias básicas desenvolverémolas ao longo do curso con diferentes actividades nos distintos niveis.

É importante incluír as **catro destrezas** na aprendizaxe da lingua estranxeira: **falar, escoitar, ler e escribir** (speaking, listening, reading and writing). Estas destrezas practícaranse mediante xogos, cancións, historias, vídeos e algunha manualidade, sempre utilizando a lingua inglesa. Estas actividades pretenden motivar ao alumnado e facilitar o aprendizaxe dunha nova lingua mediante actividades lúdicas e divertidas.

Tamén será importante ter en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as distintas formas de aprender. Polo tanto, a **metodoloxía** empregada será **flexible** para que todos os integrantes do grupo poidan participar, e ao mesmo tempo será **cooperativa** e **colaborativa**, sempre traballando en grupo e axudando aos alumnos/as que o requiran. Teranse en conta aqueles alumnos/as que non acadaron os obxectivos que se programaron, así como os casos en que algúns destaquen na consecución de obxectivos e que, ante a falta de actividade programada, se desmotiven e perdan o interese pola lingua estranxeira. Como solución a estas posibles situacións inclúense actividades de ampliación, para os máis avanzados, e de reforzo, para os/as alumnos/as que queden estancados nalgún momento.

O **alumnado** é o centro de atención no proceso de ensinanza e aprendizaxe da lingua estranxeira e debe ter un **papel activo e participativo** na aula. Por outra banda, a mestra debe ser activa, reflexiva e axustada ao nivel que mostra o alumno/a debendo: iniciar o input da lingua, axudar ao individuo na interacción cos

demais, avaliar o que fan o alumnado, proporcionar retroalimentación, contextualizalas actividades e dar significados comprensibles para os/as alumnos/as, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

### **Materiais**

Os libros de texto que imos a utilizar chámanse *All About Us 4*. Combina unha metodoloxía centrada nas catro destrezas (reading, writing, listening e speaking). Este libro fomenta tamén os valores da familia e a amizade, a cooperación, a axuda e o agradecemento. Conta con diferentes apartados: vocabulario e gramática, cancións, historias, dramatización, valores e exploración ao mundo real. É un libro que está centrado no alumnado e permite que eles/elas, sexan cales sexan as súas habilidades, aprendan facendo, aprendan xuntos/as e aprendan uns dos outros. Ademais *All About Us* proporciona unha extraordinaria cantidade de vídeos cos cales se pode conseguir unha implicación máxima do alumno/a e unha gran eficiencia da aula. O núcleo deste libro está na vida real, seguindo as vivencias dun/dunha escolar británico/a e compartido con el/ela as experiencias de aprendizaxe. O curso está baseado en situacións e cada unidade parte dun acontecemento da vida do neno/a, por exemplo ir ao médico ou ir a un campamento a desfrutar das actividades ao aire libre.

*All About Us* baséase nunha sólida metodoloxía de aprendizaxe por competencias e asegura que se desenrolen todas as competencias básicas. Inclúense actividades para desenrolar as habilidades de razonamento e retos que requiren que os/as alumnos/as traballen en colaboración e se superen dende o punto de vista cognitivo. Ao mesmo tempo este libro tamén activa dunha forma natural a curiosidade por outras culturas, invitando ao alumnado a explorar e reflexionar sobre o mundo que se lles presenta.

O alumnado deberá mercar o Activity Book de *All About Us 4* para traballar na aula, mentres que o Classbook de *All About Us 4* utilizarémolo na pantalla dixital para traballar toda a clase de forma cooperativa e oralmente.

Tamén será necesario unha carpeta con fundas plásticas para archivar os diferentes traballos que fagamos ao longo do curso.

Nas festividades, utilizaremos algunha película, conto, manualidade, presentación dixital ou outra actividade diferente para celebrar ese día e traballar con algo relacionado, xa sexa de Halloween, de Nadal ou do día da Paz.

## **Recursos**

Con respecto aos recursos multimedia, empregaranse cancións, vídeos de internet, DVDs, CD-Roms, historias ou contos online, aplicacións ou programas de ordenador. Ademais tamén se utilizará a aula virtual para subir contidos relacionados con cada unidade, e así o alumnado se habitúe a utilizala en caso de decretar outro estado de alarma e tivésemos que traballar dende a casa. Deste xeito, con todos estes recursos dixitais temos integradas as TIC na aula.

## **Actividades**

As **actividades de inicio** de lección serven para activar os coñecementos previos do alumnado nos temas novos que se van a traballar ou repasar os xa traballados. Isto adoitase facer con actividades de brainstorming ou de repaso, con xogos, flashcards, posters ou cancións.

Logo están as **actividades de desenrolo** da lección, estas apelan ás intelixencias múltiples e facilitan a adquisición, fixación, evolución e mellora das diferentes destrezas lingüísticas. Estas actividades son: cancións, xogos, actividades de lecto-escritura para os máis maiores, historias, cuts outs, actividades de pronunciación ou intercurriculares.

A continuación, temos as **actividades de reforzo e ampliación** que están destinadas para os/as alumnos/as que teñen diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe. O obxectivo é que este alumnado se motive e participe no proceso de ensinanza e aprendizaxe con plena satisfacción e alcance o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese. Algunhas destas actividades son unha extensión



para aqueles alumnos/as sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio.

As **actividades de desenvolvemento de competencias clave** contribúen máis especificamente ó desenvolvemento dunha ou varias competencias básicas como: brainstorming, role-plays, actividades interactivas, actividades na pizarra dixital, actividades de investigación ou en grupo, interpretación de datos, gráficas, textos culturais, cancións, rimas ou actividades que se traballan as emocións.

Finalmente, temos as **actividades complementarias** que debido a esta situación sanitaria que estamos vivindo nestes momentos non se realizará ningunha saída nin celebracións onde se xunte todo o alumnado ou varios grupos de alumnos/as.

## **9. Atención á diversidade**

Como medidas de atención á diversidade lévase a cabo o reforzo educativo dentro da aula. Para iso utilízanse actividades de apoio que lle axuden ao alumnado a entender mellor os conceptos dados na aula, identificar as necesidades educativas que ten cada alumno/a e así poder solucionarlas e alcanzar o mesmo nivel que os seus compañeiros/as.

Por outro lado, tamén cabe destacar que en todas as clases hai alumnado que posúe un ritmo avanzado de traballo. Para eles elabóranse actividades de ampliación dos contidos xa dados na clase.